



Nome Concello de
CAMBADOS



CONCELLO DE CAMBADOS
Praza do Concello, nº 1, Cambados (36630)

Registro Xeral de saída

Nº rexistro: 2016001894

Data: 25/04/2016 18:42:56

Participolle que, con data 25.04.2016, a Sra. Alcaldesa dictou a seguinte:

“DECRETO

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e demais preceptos concordantes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF) e de conformidade co disposto nos artigos 24 do Regulamento Orgánico Municipal e 78.1 do ROF polo presente veño en convocar sesión ordinaria do Pleno da Corporación que se celebrará no Salón de Sesións da Casa Consistorial o próximo día **28 de abril ás 21:00 horas** en primeira convocatoria, e, no caso de non existir quórum necesario, en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora, para debatir os asuntos relacionados no seguinte:

ORDE DO DÍA

I) PARTE RESOLUTIVA

- 1.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DO CENTRO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL DO CONCELLO DE CAMBADOS.
- 2.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL, CON MESAS, CADEIRAS, TRIBUNAS, TABLADOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS, CON FINALIDADE LUCRATIVA.
- 3.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE 2/2016, DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTO DE CRÉDITO, FINANCIADO CON BAIXAS POR ANULACIÓN.
- 4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 2/2016.-

II) PARTE DE CONTROL E FISCALIZACIÓN DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS MUNICIPAIS DE GOBERNO.

- 5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ACORDO DE GOBERNO SOBRE A CARTA EUROPEA PARA A IGUALDADE DE MULLERES E HOMES NA VIDA LOCAL.-
- 6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ACORDO DE GOBERNO DE APOIO PARA ESIXIR UNHA NOVA LEI REGULADORA DO DEREITO Á VIVENDA QUE CUBRA AS MEDIDAS DE MÍNIMOS PARA FACER FRONTE Á EMERXENCIA HABITACIONAL.-
- 7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ACORDO DE GOBERNO PARA RECLAMAR Á CONSELLERÍA DE SANIDADE QUE SE INCREMENTEN AS ESPECIALIDADES MÉDICAS QUE SE PRESTAN NO HOSPITAL DO SALNÉS E QUE A CIDADANÍA CAMBADESA TEÑA ACCESO A TODAS ELAS.-
- 8.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.
- 9.- ROGOS E PREGUNTAS.

Da presente convocatoria e da orde do día darase a debida notificación a todos os membros da Corporación, con acompañamento do borrador da acta da sesión anterior, procedéndose á súa publicación no taboleiro de edictos e comunicándose aos medios de comunicación.”



”
Cambados a 25 de abril de 2016
O SECRETARIO

Asno: Francisco Javier Oubiña Lodeiro